

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DO INTERIOR

**9637** Orde INT/1676/2016, do 19 de outubro, pola que se modifica o anexo I do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio.

A Directiva 2006/126/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro, sobre o permiso de condución, foi incorporada ao ordenamento xurídico español mediante o Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio, que no seu anexo I regula o permiso de condución da Unión Europea.

A Directiva (UE) 2015/653 da Comisión, do 24 de abril de 2015, pola que se modifica a Directiva 2006/126/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de decembro, sobre o permiso de condución, reforma o seu anexo I, sección 3, páxina 2 do permiso de condución, letra a), punto 12, en concreto no que se refire aos códigos da Unión Europea harmonizados.

A teor do exposto, co obxecto de incorporar ao noso ordenamento a citada Directiva (UE) 2015/653 da Comisión, do 24 de abril de 2015, dítase esta disposición pola que se modifica o anexo I do Regulamento xeral de condutores.

De acordo coa habilitación contida na disposición derradeira segunda do mencionado Real decreto 818/2009, do 8 de maio, a modificación do anexo I farase por orde do ministro do Interior.

Sobre esta orde emitiu informe o Consello Superior de Tráfico, Seguridade Viaria e Mobilidade Sustentable, en cumprimento do disposto no artigo 8.5.d) do texto refundido da Lei sobre tráfico, circulación de vehículos de motor e seguridade viaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 6/2015, do 30 de outubro.

Na súa virtude, de acordo co Consello de Estado, dispoño:

Artigo único. *Modificación do anexo I do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio.*

Modifícase o punto «Códigos da Unión Europea harmonizados» da epígrafe B) «Códigos da Unión Europea harmonizados e códigos nacionais» do anexo I «Permiso de condución da Unión Europea» do Regulamento xeral de condutores, aprobado polo Real decreto 818/2009, do 8 de maio, que queda redactado do seguinte modo:

#### «Códigos da Unión Europea harmonizados»

Códigos	Subcódigos	Conductor (causas médicas)
01		Corrección e protección da visión:
	01.01	Lentes.
	01.02	Lente ou lentes de contacto.
	01.05	Recubrimento do ollo.
	01.06	Lentes ou lentes de contacto.
	01.07	Axuda óptica específica.
02		Prótese auditiva/axuda á comunicación.
03		Prótese/órtese do aparello locomotor:
	03.01	Prótese/órtese dos membros superiores.
	03.02	Prótese/órtese dos membros inferiores.

Códigos	Subcódigos	Adaptacións dos vehículos
10		Transmisión adaptada:
	10.02	Selección automática da relación de transmisión.
	10.04	Dispositivo adaptado de control da transmisión.
15		Embrague adaptado:
	15.01	Pedal de embrague adaptado.
	15.02	Embrague accionado coa man.
	15.03	Embrague automático.
	15.04	Medida para previr a obstrución ou o accionamento do pedal de embrague.
20		Mecanismos de freada adaptados:
	20.01	Pedal de freo adaptado.
	20.03	Pedal de freo accionado polo pé esquerdo.
	20.04	Pedal de freo esvaradío.
	20.05	Pedal de freo con inclinación.
	20.06	Freo accionado coa man.
	20.07	Accionamento do freo cunha forza máxima de... N(*) [por exemplo: «20.07(300 N)»].
	20.09	Freo de estacionamento adaptado.
	20.12	Medida para previr a obstrución ou o accionamento do pedal de embrague.
	20.13	Freo accionado co xeonllo.
	20.14	Accionamento do sistema de freada asistido por unha forza externa.
25		Mecanismo de aceleración adaptado:
	25.01	Pedal de acelerador adaptado.
	25.03	Pedal de acelerador con inclinación.
	25.04	Acelerador accionado coa man.
	25.05	Acelerador accionado co xeonllo.
	25.06	Accionamento do acelerador asistido por unha forza externa.
	25.08	Pedal de acelerador á esquerda.
	25.09	Medida para previr a obstrución ou o accionamento do pedal de acelerador.
31		Adaptacións do pedal e proteccións do pedal:
	31.01	Dobre xogo de pedais paralelos.
	31.02	Pedais ao mesmo nivel (ou case).
	31.03	Medida para previr a obstrución ou o accionamento dos pedais de acelerador e freo cando estes non funcionan co pé.
	31.04	Piso elevado.
32		Sistemas combinados de freo de servizo e acelerador:
	32.01	Sistema combinado de acelerador e freo de servizo accionado coa man.
	32.02	Sistema combinado de acelerador e freo de servizo asistido por unha forza externa.
33		Sistemas combinados de freo de servizo, acelerador e dirección:
	33.01	Sistema combinado de acelerador, freo de servizo e dirección accionado por unha forza externa e controlado cunha man.
	33.02	Sistema combinado de acelerador, freo de servizo e dirección accionado cunha forza externa e controlado coas dúas mans.

Códigos	Subcódigos	Adaptacións dos vehículos
35		Dispositivos de mandos adaptados (interruptores dos faros, lava/limpaparabrisas, bucina, intermitentes, etc.):
	35.02	Dispositivos de mandos accionables sen soltar o dispositivo de dirección.
	35.03	Dispositivos de mandos accionables sen soltar o dispositivo de dirección coa man esquerda.
	35.04	Dispositivos de mandos accionables sen soltar o dispositivo de dirección coa man dereita.
	35.05	Dispositivos de mandos accionables sen soltar o dispositivo de dirección e os mecanismos do acelerador e os freos.
40		Dirección adaptada:
	40.01	Dirección controlada cunha forza máxima de ... N(*) [por exemplo: «40.01(140 N)»].
42		Retrovisores interiores/laterais modificados:
43		Posición de asento do condutor:
44		Adaptacións da motocicleta (subcódigo obrigatorio):
45		Unicamente motocicletas con sidecar.
46		Unicamente triciclos.
47		Limitado aos vehículos de máis de dúas rodas que non necesiten que o condutor os equilibre para o arranque e a parada e en espera.
50		Limitado a un vehículo/un número de chasis específico (número de identificación do vehículo, NIV). Letras utilizadas en combinación cos códigos 01 a 44 para maior precisión: a. Esquerdo. b. Dereito. c. Man. d. Pé. e. Medio. f. Brazo. g. Polgar.

Códigos	Limitacións
61	Limitación á condución diúrna (por exemplo, desde unha hora despois do amencer ata unha hora antes do anoitecer).
62	Limitación á condución no raio de ... km do lugar de residencia do titular, ou dentro da cidade ou rexión.
63	Condución sen pasaxeiros.
64	Condución cunha limitación de velocidade de... km/h.
65	Condución autorizada unicamente en presenza do titular dun permiso de condución de, como mínimo, a categoría equivalente.
66	Sen remolque.
67	Condución non permitida en autoestrada.
68	Exclusión do alcohol.
69	Limitación á condución de vehículos equipados con dispositivo antiarranque en caso de alcoholemia conforme a Norma EN 50436. A indicación dunha data de caducidade é optativa [por exemplo «69» ou «69 (01.01.2016)»].

Códigos	Subcódigos	Aspectos administrativos
70		Troco do permiso n.º ... expedido por ... (símbolo UE/ONU, se se trata dun terceiro país; por exemplo: «70.0123456789.NL»).
71		Duplicado do permiso n.º ... (símbolo EU/ONU, se se trata dun terceiro país; por exemplo: «71.987654321.HR»).
73		Limitado aos vehículos de categoría B, de tipo cuadríciclo de motor (B1).
78		Limitado a vehículos con transmisión automática.
79		[...] Limitado aos vehículos que cumpren as prescricións indicadas entre parénteses no marco da aplicación do artigo 13 da presente directiva.
	79.01	Limitado aos vehículos de dúas rodas con ou sen sidecar.
	79.02	Limitado aos vehículos da categoría AM de tres rodas ou cuadríciclos lixeiros.
	79.03	Limitado aos triciclos.
	79.04	Limitado aos triciclos que leven enganchado un remolque cuxa masa máxima autorizada non supere os 750 kg.
	79.05	Motocicleta da categoría A1 cunha relación potencia/peso superior a 0,1 kW/kg.
	79.06	Vehículo da categoría BE cuxa masa máxima autorizada do remolque sexa superior a 3.500 kg.
80		Limitado aos titulares dun permiso de condución para vehículos da categoría A de tipo triciclo de motor que non acadasen a idade de 24 anos.
81		Limitado aos titulares dun permiso de condución para vehículos da categoría A de tipo motocicleta de dúas rodas que non acadasen a idade de 21 anos.
95		Conductor titular do CAP que satisfai a obriga de aptitude profesional prevista na Directiva 2003/59/CE válida ata o... [por exemplo: «95 (01.01.12)»].
96		Vehículos de categoría B que leven enganchado un remolque cuxa masa máxima autorizada sexa superior a 750 kg, sempre que a masa máxima autorizada desta combinación exceda os 3.500 kg, pero non exceda os 4.250 kg.
97		Non autorizados a conducir un vehículo da categoría C1 que entre no ámbito de aplicación do Regulamento (CEE) n.º 3821/85 do Consello (**).

(\*) Esta forza indica a capacidade do conductor para facer funcionar o sistema.

(\*\*) Regulamento (CEE) n.º 3821/85 do Consello, do 20 de decembro de 1985, relativo ao aparello de control no sector dos transportes por estrada (DO L 370, do 31.12.1985, p. 8).»

#### Disposición transitoria primeira. *Vixencia dos permisos de condución.*

Os permisos de condución expedidos con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2017 seguirán sendo válidos ata que expire a súa vixencia ou sexan substituídos por un novo permiso de condución con ocasión de calquera outro trámite regulamentario.

#### Disposición transitoria segunda. *Equivalencias entre subcódigos.*

Non obstante o previsto na disposición transitoria primeira, os subcódigos que figuren nos permisos de condución expedidos antes do 1 de xaneiro de 2017 entenderase que equivalen aos subcódigos recollidos no punto «Códigos da Unión Europea harmonizados» da epígrafe B) «Códigos da Unión Europea harmonizados e códigos nacionais» do anexo I

«Permiso de conducción da Unión Europea» do Regulamento xeral de condutores, do seguinte modo:

Subcódigos nos permisos de conducción expedidos antes do 1 de xaneiro de 2017	Subcódigos equivalentes do anexo I do Regulamento xeral de condutores
01.03	01.01
01.04	01.05
02.01	02
02.02	02
05.01	61
05.02	62
05.03	63
05.04	64
05.05	65
05.06	66
05.07	67
05.08	68
10.03	10.02
20.02	20.01
20.10	20.09
20.11	20.09
25.02	25.01
25.07	25.08
30.01	31.01
30.02	31.02
30.03	32.01
30.04	32.01
30.06	31.04
30.07	31.03
30.08	31.03
30.09	31.03
30.10	31.03
30.11	32.02
35.01	35.05
40.02	40.01
40.04	40.06
40.07	40.06
40.08	40.06
40.10	40.14/40.15
40.12	40.11
40.13	40.11
42.02	42.01
42.04	42.03
42.06	42.01
43.05	43.01
51	50

Disposición derogatoria única. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de inferior ou igual rango se opoñan ao establecido na presente orde.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución española, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de tráfico e circulación de vehículos de motor.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación do dereito comunitario.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva (UE) 2015/653 da Comisión, do 24 de abril de 2015, que modifica a Directiva 2006/126/CE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre o permiso de condución.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2017.

Madrid, 19 de outubro de 2016.–O ministro do Interior, Jorge Fernández Díaz.